

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de setembro de 2025**

Ás 18.35 horas do día 17 de setembro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a M.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 15 DE XULLO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xullo de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 19 de xuño de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A RECUPERACIÓN E MANTEMENTO DOS CAMIÑOS DE CARRO DA PROVINCIA (EXPTE. Nº 2025/20271G.-

D. Antonio Fernández Martín, de Democracia Ourenseana, expón o contido da seguinte moción:

Os chamados camiños de carro conforman o sistema viario máis importante do campo galego. En tempos nos que a maior parte da poboación vivía no ámbito rural, unían lugares e aldeas entre si e, ademais servían de ligazón coas principais vías públicas. Deles derivaban o resto de camiños de servizo con menor categoría viaria, sendo vía de tránsito para persoas e animais, usando o carro como elemento de transporte para toda clase de produtos agrícolas e/ou que gardaban relación cos cultivos e traballos do campo.

A importancia dos camiños na sociedade tradicional galega ten un amplo reflexo na literatura e tamén no feito de que unha gran proporción dos preitos entre veciños gardaban algunha relación con eles. Apostamos por recuperar estas vías porque, como xa forman parte do dominio público, a súa recuperación non exporíaa problemas xurídicos, como podería suceder no caso de proceder á apertura de novas pistas ou ensanches.

Entendemos que non só é importante, senón fundamental, a recuperación e mantemento en bo estado deses camiños polas seguintes razóns:

- 1. Son lugares públicos e, por tanto, a súa boa conservación xa se xustifica simplemente atendendo ao dereito xeral e abstracto dos cidadáns de acceso a lugares públicos.*
- 2. Moitos camiños teñen valor por estar asociados a acontecementos históricos máis ou menos coñecidos.*

O coñecemento da súa historia incrementa o seu valor turístico e cultural, así como tamén o da súa contorna. Por iso, poden considerarse parte do patrimonio histórico e cultural, o que xustificaría a súa inclusión total ou parcial nas partidas orzamentarias destinadas ao mantemento e conservación de lugares catalogados como tal.

3. *O patrimonio histórico é fonte de desenvolvemento económico asociado ao turismo mesmo ao denominado "turismo de calidade", polo que a súa boa conservación e promoción xustifica tamén o gasto en base a este concepto.*
4. *A recuperación dos camiños de carro ten tamén a súa importancia desde a perspectiva da conservación do medio ambiente. Ademais de reducir o risco de incendio, son cortafogos naturais e o seu bo estado permite o acceso rápido e eficaz dos medios de extinción terrestres.*
5. *Un bo estado dos camiños de carro incrementa o valor económico dos produtos agrícolas, gandeiros e forestais aos que se pode acceder a través deles, ao diminuír os custos de transporte. Na actualidade, o mal estado destes camiños fai inviables ou moi pouco rendibles economicamente moito explotacións existentes, dificultando tamén a posta en marcha de potenciais explotacións de nova creación. Por iso, as axudas económicas á súa conservación poden estar xustificadas tamén dentro do marco das partidas destinadas ao apoio ás explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.*
6. *Os camiños de carro poden ser usados como unha estrutura viaria para o desenvolvemento de moito deportes ou afecciones á alza hoxe en día, como o sendeirismo, carreiras campestres e de orientación, paseos, etc. Desta forma, tamén se poden destinar fondos á súa conservación desde o contexto das axudas ao deporte.*
7. *A actividade cinexética tamén resultaría moi beneficiada coa recuperación de camiños. Nos últimos anos as sociedades de cazadores dedican gran parte dos seus recursos á apertura de pistas para moverse nos cotos.*
8. *Os propios traballos de recuperación e mantemento xerarían un nicho de emprego que contribuiría á fixación de poboación no rural.*
Todo o anteriormente mencionado e, en xeral, o sentir e a motivación da presente moción non é outro que, en definitiva, poñer en valor o rural da provincia, potenciando unha riqueza xa existente, á vez que se facilita e mellora a comunicación entre as múltiples zonas implicadas.

Por todo o exposto solicitamos:

- *Que a Deputación Provincial poña en marcha un ambicioso plan de recuperación e mantemento dos camiños de carro da provincia de Ourense, co fin de conservalos no mellor estado posible, destinando para iso as partidas orzamentarias correspondentes e achegando aos concellos implicados as pertinentes axudas económicas para tal fin.*

D.^a María Mangana Guede, do BNG, sinala que se trata dunha proposta que pode ser acaída, pero que se vai atopar con moitos problemas na súa execución xa que a maior parte destes camiños son de titularidade municipal e non se entende moi ben a referencia que se fai aos feitos históricos destes camiños.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e do BNG (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Que a Deputación Provincial poña en marcha un ambicioso plan de recuperación e mantemento dos camiños de carro da provincia de Ourense, co fin de conservalos no mellor estado posible, destinando para iso as partidas orzamentarias correspondentes e achegando aos concellos implicados as pertinentes axudas económicas para tal fin.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, formula o rogo de que Deputación colabore e asuma os gastos dos desprazamentos en autobús das persoas de concellos afectados pola vaga de lumes e que desexen acudir ao partido de fútbol que se vai a celebrar no estadio Abanca Balaidos “Xuntos contra o lume”.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

D.^a María Mangana Guede, do BNG, traslada a queixa dalgunha usuaria dos vestiarios do Pazo dos Deportes Paco Paz, que trala súa reforma deixaron as duchas do vestiario feminino abertas e sen intimidade.

A Presidencia toma nota do rogo formulado.

D. Antonio Fernández Martín, de Democracia Ourensana, pregunta polo cambio de días (masculino e feminino) que se fixo no Pazo dos Deportes Paco Paz para o uso do spa.

A Presidencia toma nota da pregunta formulada.

E, ás 18.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

